

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

9217 *Real decreto 1003/2012, do 29 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Servizo Xurídico do Estado.*

A recente aprobación da nova estrutura orgánica do Ministerio de Xustiza operada polo Real decreto 453/2012, do 5 de marzo, exige modificar o Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, aprobado, ao abeiro da disposición derradeira primeira da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas, polo Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, co fin de garantir a debida coherencia e harmonía entre as normas que integran o ordenamento xurídico referidas á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

A modificación ten carácter organizativo e proxección funcional. Afecta a denominación e as funcións que veñen desempeñando na actualidade tanto o Gabinete de Estudos como a Subdirección Xeral de Coordinación e Auditoría.

A modificación pretende dotar a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, en liña coa estrutura orgánica do Ministerio de Xustiza recentemente aprobada, dunha estrutura máis áxil que lle permita un cumprimento máis eficiente das súas funcións.

Na actualidade, a Avogacía do Estado no Ministerio de Xustiza recibe a denominación de Gabinete de Estudos. A súa denominación non é fiel reflexo das funcións e competencias que ten normativamente atribuídas.

En efecto, o dito gabinete ten atribuídas, ademais do desempeño das funcións propias das avogacías do Estado nos departamentos ministeriais, outras funcións como son o informe en dereito dos anteproxectos e proxectos de disposicións que se sometan a consulta da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, ou cando afecten ou poidan afectar o Servizo Xurídico do Estado, a súa organización, funcionamento e réxime de actuacións, a elaboración dos anteproxectos normativos que lle encarguen ou que promova a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, os informes, ditames ou estudos que pola súa índole especial así se considere conveniente, así como a asistencia aos correspondentes órganos superiores e directivos do Ministerio de Xustiza, cando así o requiran, para a preparación da Comisión Xeral de Secretarios de Estado e Subsecretarios.

As anteriores funcións, en particular, considerando que o avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado pode pedir a esta unidade a elaboración dos informes, ditames e estudos que teña por conveniente, xustifican plenamente un cambio de denominación. O Gabinete de Estudos debe pasar a denominarse «Avogacía do Estado no Ministerio de Xustiza-Gabinete do Avogado Xeral do Estado».

Por outra banda, o Gabinete de Estudos tivo atribuída tradicionalmente a xestión do coñecemento da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado. En concreto, ata o momento actual correspondía ao Gabinete de Estudos a promoción de traballos de investigación e a organización de actividades que teñan por finalidade o coñecemento e a difusión de materias e cuestións xurídicas de ámbito nacional ou internacional, así como a organización de actividades de formación e perfeccionamento dos funcionarios do corpo de avogados do Estado, en coordinación co Centro de Estudos Xurídicos, o Instituto Nacional da Administración Pública e outros centros de formación de funcionarios.

A xestión de coñecemento pasa agora a ser desempeñada pola Subdirección Xeral de Coordinación e Auditoría. Esta redistribución de funcións pretende, pois, garantir unha debida xestión do coñecemento no seo da Avogacía Xeral do Estado para potenciar esta

competencia, o que, indubidablemente, exige unha redistribución das cargas de traballo. Iso exige, loxicamente, unha nova denominación da Subdirección Xeral de Coordinación e Auditoría, que debe pasar a denominarse «Subdirección Xeral de Coordinación, Auditoría e de Xestión do Coñecemento».

Modifícanse os artigos 13 e 72.1 do Regulamento relativos ao réxime de suplencia do avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade e dos subdirectores xerais ou dos avogados do Estado-xefe respectivamente, cuxa designación correspondía ao secretario de Estado de Xustiza. Estas previsións non se corresponden co Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, cuxo artigo 2 configura a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, con rango de subsecretaría, como un dos órganos directivos do departamento dependendo directamente do ministro de Xustiza. No mesmo sentido pronúnciase o artigo 10 do Real decreto 453/2012, do 5 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Xustiza e se modifica o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais. Por tanto, ao non depender xa a Avogacía do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado da Secretaría do Estado de Xustiza senón do titular do departamento, as suplencias tanto do avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado coma dos subdirectores xerais e dos avogados do Estado-xefe debe corresponder ao ministro de Xustiza.

Finalmente, procédese a reformar o artigo 61.3, parágrafo segundo, do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado. Lógrase así un maior rigor xurídico no seu contido pois, en diante, a Subdirección Xeral de Coordinación, Auditoría e de Xestión do Coñecemento velará para que os criterios interpretativos e a actuación procesual dos avogados do Estado se axusten ás instrucións que, de ser o caso, emitise a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza e de Facenda e Administracións Públicas, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xuño de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 997/2003, do 25 xullo, polo que se aproba o Regulamento do Servizo Xurídico do Estado.*

O Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O parágrafo terceiro da parte expositiva VII queda redactado do seguinte modo:

«As funcións de inspección serán desempeñadas, baixo a xefatura do avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado, pola Subdirección Xeral de Coordinación, Auditoría e de Xestión do Coñecemento, á cal o regulamento atribúe, ademais daquelas funcións, a coordinación das relacións entre as avogacías do Estado que desempeñen funcións consultivas e as avogacías do Estado que desempeñen funcións contenciosas, a dirección e coordinación da asistencia xurídica en virtude de convenio, a particular coordinación das funcións dos avogados dos Estado-secretarios dos tribunais económico-administrativos e a xestión do coñecemento.»

Dous. As alíneas c) e e) do punto 1 do artigo 3 do Regulamento quedan redactados do seguinte modo:

«c) A Avogacía do Estado no Ministerio de Xustiza-Gabinete do Avogado Xeral do Estado, que ten ao seu cargo o informe en dereito dos anteproxectos e proxectos de disposicións que se sometan a consulta da Avogacía Xeral do Estado-

Dirección do Servizo Xurídico do Estado, ou cando afecten ou poidan afectar o Servizo Xurídico do Estado, a súa organización, funcionamento e réxime de actuacións, a elaboración dos anteproxectos normativos que lle encarguen ou que promova a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, os informes, ditames ou estudos que pola súa índole especial así se considere conveniente, así como a asistencia aos correspondentes órganos superiores e directivos do departamento, cando así o requiran, para a preparación da Comisión Xeral de Secretarios de Estado e Subsecretarios.

Correspóndenlle igualmente as funcións propias dunha avogacía do Estado de departamento ministerial respecto do Ministerio de Xustiza, de acordo co disposto no artigo 6.2.

e) Subdirección Xeral de Coordinación, Auditoría e de Xestión do Coñecemento, á cal corresponde a coordinación das relacións entre as avogacías do Estado que desempeñen funcións consultivas e as avogacías do Estado que desempeñen funcións contenciosas; a dirección e coordinación das relacións coas entidades ás cales o Servizo Xurídico do Estado preste asistencia xurídica en virtude de convenio; a superior coordinación da actuación dos avogados dos Estado-secretarios dos tribunais económico-administrativos, sen prexuízo da coordinación que lle corresponde ao secretario xeral do Tribunal Económico-Administrativo central respecto dos avogados dos Estado-secretarios dos tribunais económico-administrativos rexionais e locais, así como as demais funcións de coordinación que o titular da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado lle encomende, e a función de inspección ou auditoría da Avogacía Xeral do Estado e as súas unidades e avogados do Estado dependentes.

Iguualmente, corresponde a esta subdirección xeral a promoción de traballos de investigación e a organización de actividades que teñan por finalidade o coñecemento e a difusión de materias e cuestións xurídicas de ámbito nacional ou internacional, así como a organización de actividades de formación e perfeccionamento dos funcionarios do corpo de avogados do Estado, en coordinación co Centro de Estudos Xurídicos, o Instituto Nacional da Administración Pública e outros centros de formación de funcionarios.»

Tres. O artigo 13 do Regulamento queda redactado da seguinte forma:

«O ministro de Xustiza acordará a suplencia do avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade; na súa falta, será suplido polos titulares das subdireccións xerais pola orde establecida no artigo 3.1.»

Catro. Os puntos 3, 4 e 5 do artigo 61 do Regulamento quedan redactados do seguinte modo:

«3. Entenderase por inspección técnico-xurídica o control dos criterios interpretativos da normativa xurídica aplicados polos órganos e unidades sometidos a inspección na súa actuación consultiva e contenciosa, así como o control da actuación procesual desenvolvida en defensa dos intereses dos entes representados ante os xulgados e tribunais de xustiza e, de ser o caso, en procedementos extraxudiciais e prexudiciais.

Os avogados do Estado que exerzan esta función deberán comprobar especialmente se os criterios interpretativos e a actuación procesual a que se fixo referencia se axustaron ás instrucións que, de ser o caso, emitise a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

4. A xefatura da Inspección dos Servizos da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado corresponde ao titular da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado e será exercida pola Subdirección Xeral de Coordinación, Auditoría e de Xestión do Coñecemento, sen

prexuízo da facultade de avocación que a aquel corresponde nos termos previstos legalmente.

5. O subdirector xeral de Coordinación, Auditoría e de Xestión do Coñecemento será membro da Comisión Coordinadora de Inspeccións Xerais de Servizos dos Departamentos Ministeriais.»

Cinco. Os puntos 2 e 3 do artigo 63 do Regulamento quedan redactados do seguinte modo:

«2. Con independencia do disposto no punto anterior, o subdirector xeral de Coordinación, Auditoría e de Xestión do Coñecemento poderá encomendar ás inspeccións dos servizos funcións específicas en materia de inspección de áreas funcionais ou sectores de actividade, así como outras de calquera natureza da competencia da Inspección dos Servizos do Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

3. Os anteriores criterios de organización non impedirán a actuación das inspeccións dos servizos nas tarefas de inspección que lles encomende o titular da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado ou o subdirector xeral de Coordinación, Auditoría e de Xestión do Coñecemento, fóra da zona ou ámbito asignados.»

Seis. O punto 3 do artigo 64 do Regulamento queda redactado do seguinte modo:

«3. Os avogados do Estado encargados da inspección comunicarán de forma inmediata ao subdirector xeral de Coordinación, Auditoría e de Xestión do Coñecemento calquera acto que contraveña o establecido neste artigo e, en particular:

a) Calquera actuación tendente a menoscabar a independencia do persoal inspector respecto dos órganos e persoal sometidos a control.

b) Os actos que comporten obstrución ou falta de colaboración no desenvolvemento das actuacións de inspección.

A negativa, obstrución ou falsidade na comunicación da información requirida ou no acceso aos datos solicitados para a realización das actuacións de inspección.»

Sete. O punto 1 do artigo 72 do Regulamento queda redactado do seguinte modo:

«1. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade dalgún dos subdirectores xerais ou dos avogados do Estado-xefe serán suplidos temporalmente polo avogado do Estado que designe o ministro de Xustiza. Na súa falta, a orde de suplencia será acordada polo avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado. Na falta de ambas as determinacións, aqueles serán suplidos polo avogado do Estado que ocupe o posto inmediatamente inferior na relación de postos de traballo da subdirección ou avogacía do Estado correspondente. En caso de existir varios, a suplencia corresponderá ao de maior antigüidade na unidade e, en caso de igualdade, ao de número máis baixo na escala do corpo de avogados do Estado.»

Disposición transitoria única. *Retribución de unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral.*

As unidades e os postos de traballo de nivel orgánico inferior a subdirección xeral que resultan afectados polas modificacións orgánicas establecidas neste real decreto subsistirán e serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios ata que se aproben as relacións de postos de traballo adaptadas á estrutura deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habilítase o ministro de Xustiza para desenvolver o previsto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Non incremento do gasto público.*

A aplicación das disposicións contidas neste real decreto non suporá incremento do gasto público e asumirase cos recursos de que dispón o Ministerio de Xustiza.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xuño de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN